



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO BANZAS
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE OUTES, NEGREIRA E MAZARICOS (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2017/15

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 12/11/2020 e número de rexistro de entrada 2020/1577543, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019.
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexionelose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.





Así mesmo, o proxecto sometido a estudo é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, operación e desmantelamento. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

A distancia dende os aeroxeneradores ás vivendas máis próximas é de máis de 500 m.

Resaltar que a análise da contorna, no referente a núcleos de poboación e as vivendas máis próximas ao parque eólico, presenta non concordancias nos datos das distancias aos núcleos e vivendas máis próximas nas diferentes partes da documentación. Así no EIA no apartado 10.5.1 "Impactos sobre o medio físico", sitúa a poboación máis próxima, Campolongo, a unha distancia de 680 m e Cabana da





Moura a 684 m (así como noutros puntos do documento), mentres no apartado 5 do estudo acústico, considera as vivendas máis próximas no núcleo de Cabana Moura, a unha distancia de 590 m. Por outra banda, no proxecto sectorial, as distancias reflectidas no apartado 10 sitúan a Campolongo a 677,8 m e Cabana Moura a 651 m.

Non se refire ningunha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residentes en establecementos máis vulnerables.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase que as instalacións respectan as indicacións recollidas no Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre o mantemento dunha distancia mínima de 500 m aos núcleos urbanos ou rurais na contorna.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes.

- Augas residuais.
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos.
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.





d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc.

e) Electrocución.

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

h) Outros:

- Pragas e vectores.
- Arrastre de sedimentos.
- Incendios.
- Vertidos accidentais.
- Outras emerxencias.

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

2.3.1 Aire

Considerase no documento que o impacto na alteración da calidade do aire non vai a ser significativo, limitándose este impacto a fase de obra e abandono do parque.

- Identifícanse emisións de po e partículas na fase de construción e desmantelamento, como consecuencia da obra civil e da circulación de vehículos, estimando que os efectos sobre a saúde humana non serán significativos, pola ausencia de entidades de poboación no seu entorno próximo. Refiren medidas correctoras e protectoras ao respecto, como son regos na zona de traballo, cobertura de camiós e limitación da velocidade polos viais da obra. Non contempla medidas de vixilancia e seguimento ambiental relacionadas.





No caso de realizar voaduras na fase de obra refire soamente a afección dos niveis sonoros, recollendo unha medición de ruído durante a súa realización, non contemplando medidas protectoras. Tampouco contempla medidas protectoras no caso de afectación do aire en relación a po e partículas.

- Identifícanse emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de obra e abandono debido ao tráfico inducido na zona e de maquinaria asociada ás obras, de impacto non significativo. Refire medidas protectoras e menciona un seguimento de vixilancia ambiental mediante a verificación do certificado de inspección técnica de todos os vehículos e maquinaria utilizados na obra e o control do mantemento das máquinas.

Fai referencia ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos das turbinas e da subestación do parque.

- Ruído e vibración

Presenta un estudo acústico durante a fase de obra e abandono (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado ao funcionamento dos aeroxeneradores).

Presenta un estudo preoperacional mediante medicións en 4 puntos correspondentes cas poboacións máis próximas ao parque eólico, estando a máis próxima a unha distancia de 590 m. Conclúe que os niveis de presión sonora obtidos cumpren cos limiares establecidos no Real Decreto 1367/2007.

Faise unha estimación teórica na xeración de ruído considerando o escenario máis desfavorable posible. Para a realización do modelo predictivo empregouse un software de predición acústica, mostrando mapas de curvas isófonas para cada un dos períodos de avaliación. Os resultados prevén o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica tanto para os núcleos habitados próximos ao parque eólico como para as edificacións máis próximas á área de estudo.





Non considera necesario aplicar medidas correctoras nin protectoras, salvo a protección do persoal, debido ao impacto baixo das poboacións próximas. Non obstante realizárase no Plan de Vixilancia Ambiental seguimento de control sonoro.

Indica que existen varios parques eólicos nun radio de 5 km, en tramitación e explotación, destacando o parque eólico Serra de Outes a unha distancia de 938 m. Non se fai unha avaliación mediante modelado de posible efecto acumulativo ou sinérxico durante as fases de construción e funcionamento, en relación a outros parques da contorna e liñas de evacuación, debido ao baixo nivel de ruído emitido polos aeroxeneradores e a distancia aos núcleos de poboación, considera o efecto acumulativo inapreciable ou nulo.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

- Campos electromagnéticos

O Parque Eólico Banzas está composto por 9 aeroxeneradores, 1 torre de medición eólica, 1 subestación eléctrica (30/132 kV), 1 edificio de control e unha rede de liñas subterráneas de 30 kV a cal enlaza os diferentes aeroxeneradores á subestación transformadora. Dende a subestación transformadora se evacuará a enerxía mediante unha liña de evacuación conxunta dos PE de Margouto, Alvite, Troitomil e Banzas, ata a subestación Lousame.

Presenta un estudo de cálculo magnético para as liñas de evacuación de 30 kV e 132 kV. O resultado do estudo reflicte valores de 5,42 μT para a rede de 30kV, nas inmediacións da SE Banzas, para as liñas de 132 kV que chegan a SE Banzas reflicte valores de 9,221 μT (dende SE Maragouto), de 5,716 μT (dende SE de Alvite e Troitomil) e de 24,38 μT (para a liña que parte dende a SE Banzas ata a SE Lousame). As instalacións de evacuación conxunta dende a SE Colectora de Lousame son obxecto de estudo de outro proxecto independente.





En todos os casos os valores obtidos son inferiores ao limiar admitido para o campo magnético, de acordo ás recomendacións europeas, de 100 μ T a 50Hz, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo, polo que non considera necesario establecer ningunha medida adicional.

Non se presenta ningún estudo dos campos eléctricos, debido a que considera que pode conseguirse protección con relativa facilidade interpoñendo materias illantes. Por este motivo non se pode concluír que se cumpren as medidas establecidas no RD 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas que regula os valores máximos admitidos en consonancia coa recomendación do Consello Europeo 1999/219/CE do 12 de xullo de 1999. Inda que menciona que no deseño do parque se respectaron as recomendacións do Consello Europeo 1999/219/CE.

Non se menciona o cumprimento tanto da turbina como do equipo relacionado con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

2.3.2 Augas

- Augas de consumo

Non queda claro como se vai realizar o abastecemento de auga durante a fase de obra, debido a que no EIA, no punto 6.2 "Auga" indica que poderíase realizar mediante un sistema de potabilización de auga, alimentado por un depósito estanco de 5.000 litros, o cal se encherá periodicamente mediante camión cisterna, e no proxecto sectorial, no punto 6 "Xustificación das condicións de edificación" prevese a construción dun pozo con bomba.

Dito abastecemento deberá cumprir os criterios establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios de calidade da auga de consumo humano. No caso de uso dun depósito, este deberá garantir a presenza





dun desinfectante con efecto residual que acredite o cumprimento do mencionado Real Decreto.

O uso de cisterna ou depósitos móbiles deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público.

Non se menciona un sistema de auga quente sanitaria, de habelo cumprirá os requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose, así como no caso de emprego de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

Dende esta Dirección Xeral, comprobouse que non existe na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria SINAC.

- Augas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, estas son o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Considera isto como un impacto no significativo co emprego de medidas protectoras e correctoras, así como o seguimento no programa de vixilancia ambiental.

Menciona que para calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico se solicitará autorización do organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Indica a aplicación de sistemas de drenaxe co obxecto de canalizar augas de escorrentía superficial mediante un Plan que inclúe a aplicación de medidas protectoras e correctoras e un programa de vixilancia ambiental mediante o control do sistema de drenaxe dos novos camiños.

Con respecto ás alteracións na rede hidrolóxica debido á execución das obras, considera un impacto significativo, debido a que na contorna das infraestruturas do proxecto existen pequenos arroyos temporais e escorrentías de augas superficiais,





presenta un programa de vixilancia específico sobre a hidroloxía do entorno ademais de medidas protectoras e correctoras.

Dende esta dirección xeral, compróbase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

- Augas residuais/vertidos
 - Augas residuais sanitarias

Menciona que a xestión de augas residuais fecais farase mediante sanitarios químicos, evacuando as mesmas a unha fosa séptica estanca de 10.000 litros de capacidade, cuxo baleirado se realizará de forma periódica mediante camión cisterna. Indica que as augas residuais se xestionarán cun sistema separativo, para separar pluviais e fecais. Refire que a fosa séptica terá unha arqueta de medición á saída para o control dos parámetros e unha arqueta separadora de graxas para levar a cabo a depuración.

- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra.

Non se presenta o deseño da zona de almacenamento polo que non se pode avaliar se disporá de soleiras impermeables que impidan que vertidos accidentais contaminen o chan e/ou as augas. Tampouco se menciona si se disporá de algún material absorbente (area, serrín ou similar) para proceder á limpeza dalgún posible vertido.

- Vertidos procedentes de transformadores a intemperie.

Non se fai referencia á dispoñibilidade de pozos para a recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores e tampouco de medidas de seguimento e control ao respecto.

2.3.3 Chan





Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra e explotación, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifica a xeración de residuos durante as distintas fases (de acordo ao código LER). Inclúese unha relación de residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante ditas fases.

Menciona unha xestión de residuos perigosos e non perigosos mediante a segregación segundo a súa natureza, cumprindo ca lexislación vixente, e entrega de residuos perigosos a un xestor autorizado.

Mostra a localización dunha zona de almacenamento de residuos durante a fase de obra e abandono, indicando que se disporá de contedores adecuados á tipoloxía de residuo para a súa correcta separación. Presenta un plano de situación de dita zona.

Indica que os residuos perigosos xerados durante a fase de explotación do Parque Eólico, se recollerán en contedores adecuados, nas proximidades do edificio de control e se entregarán a un xestor autorizado. Non queda claro se se van habilitar dúas zonas de almacenamento de residuos, en función da etapa do proxecto, segundo a Fig. 15 "Ubicación de almacenamiento de residuos" e o redactado no apartado 7.7. "Residuos".

Presenta medidas preventivas e correctoras sobre os residuos xerados, e un programa de vixilancia ambiental para as fases de obra e de explotación, levándose contabilidade dos mesmos, supervisando o seu correcto almacenamento, separación e xestión da súa eliminación.

- Produtos perigosos

Refírese o uso de aceites e combustibles xerados na vida útil do Parque Eólico, indicando que se recollerán en contedores adecuados, nas proximidades do edificio de control e se entregarán a un xestor autorizado.





En canto á xeración de residuos perigosos, procederán principalmente das operacións de mantemento e reparación, destacándose como residuos perigosos os aceites hidráulicos, filtros, absorbentes e pilas, entre outros.

En canto ao mantemento dos diferentes equipos e maquinaria de obra, todas as operacións realizaranse en talleres autorizados, salvo excepcións nas que se escollerá a zona afastada dos cursos de auga e a cal se protexerá con materiais impermeables.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non se menciona o uso de biocidas, que no caso da súa utilización indica que se cumprirá a normativa vixente referente a comercialización e emprego dos mesmos.

Non menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas), que no caso da súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes ou a alternativas aos mesmos de ser o caso.

Refire o emprego de hexafluoruro de xofre (SF_6), este tipo de illantes deberán someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplen as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se poidan derivar afeccións á poboación ou aos traballadores. Dado que o SF_6 é un dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados, pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, deberían contemplarse as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Non fai referencia á disposición de fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as





especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1320 m, dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.

Indícase que se realiza un estudo do potencial impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPro no peor dos escenarios (teórico) e tamén para un caso real. Para levar a cabo o análise se identificou o ámbito de estudo, delimitado por un radio de 2,5 km dende a localización dos aeroxeneradores, identificando un total de 10 receptores nos núcleos de poboación máis próximos.

Se detectaron non concordancias nas coordenadas de 4 receptores dos 10 seleccionados (R5, R8, R9 e R10), debido a que os datos mostrados no Anexo XIII non se corresponden ca localización mostrada no mapa do mesmo apartado.

Indica que para o cálculo do caso real tívose en conta a utilización de datos da estación meteorolóxica de Santa Coma (A Coruña), para o cálculo da media mensual de horas de sol diaria, as horas de funcionamento anual previstas para o Parque Eólico e a dirección do vento. En base a isto toma como referencia o limiar de 8 h de sombra ao ano.

Tras o estudo conclúe que tanto para o caso teórico como para o real, en 5 receptores dos 10 seleccionados, superan as 30h/ano ou 8h/ano, sendo os receptores 4 e 9 os que máis horas de sombra/ano presentan, con 58:46 e 63:22, e





13:50 e 10:34 respectivamente. Pese a superación dos limiares recomendados non establece medidas correctoras específicas.

Non contempla o desenvolvemento dun plan de seguimento específico durante o primeiro ano para verificar o cumprimento dos limiares de referencia establecidos, pero refire medidas correctoras como a instalación de barreiras o programar paradas temporais dos aeroxeneradores implicados, só no caso de que se supere o limiar recomendado.

Non se presenta unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parques eólicos en trámite ou en funcionamento na contorna.

- O proxecto inclúe un estudo onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves e/ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais tanto internas (accidentes con sustancias perigosas, incendios, etc.) como externas (movementos sísmicos, inundacións, tormentas eléctricas, etc.), así como a avaliación de si as ameazas identificadas se producirán. Da análise conclúese que tanto os niveis de risco como a vulnerabilidade do proxecto son moi baixos.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Destaca a posibilidade de incendios accidentais, indicando a aplicación de medidas de prevención para minimizar o risco cun correcto mantemento dos equipos e a aplicación de un programa de vixilancia ambiental no entorno do Parque Eólico durante todas as fases.

Indica que na fase de explotación se redactará un plan de autoprotección acorde á normativa de seguridade industrial e un plan de protección contra incendios forestais. Non se menciona que o deseño do edificio de control cumprirá o establecido no Regulamento de Seguridade contra os incendios en Establecementos industriais, pero nomea a existencia de medios de extinción próximos.





- Non se presentan plans de emerxencia, incluíndo protocolos de actuación ante accidentes tales como vertidos, explosións, etc., que contribuirán a minimizar as afeccións ambientais, en caso de producirse.
- Non se menciona se tódolos aspectos relacionados coas medidas medioambientais corroboraranse coa certificación dun Sistema de Xestión Ambiental, conforme os requisitos da Norma ISO 14001.
- Refírese medidas de seguridade e control de acceso do público á subestación e as turbinas e o cumprimento do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque de Banzas desenvolvida ao longo do noso informe, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración polos organismos competentes:

- Non se refire ningunha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residentes en establecementos máis vulnerables.





- Non se presentan programas de vixilancia e seguimento ambiental para as emisións de po e partículas.
- Refire o emprego de gases illantes como o SF₆, pero non indica como se fará o manexo do mesmo, o cal deberá someterse aos estándares e recomendacións establecidos ao respecto.
- Non se fai un estudo tendo en conta os posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna, con respecto o efecto de parpadeo de sombras.
- Non se presenta ningún estudo dos campos eléctricos para poder concluír que se cumpren os limiares de protección establecidos nas recomendacións do Consello Europeo 1999/219/CE e da Comisión Internacional.
- Non queda claro como se vai realizar o abastecemento de auga, debe indicar si se vai utilizar un depósito estanco, o cal se encherá mediante un camiión cisterna ou si se vai construír un pozo con bomba. Dito abastecemento deberá cumprir os criterios establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios de calidade da auga de consumo humano. En calquera caso deberá garantirse na auga a presenza dun desinfectante con efecto residual que acredite o cumprimento do mencionado Real Decreto.
- No caso de usar cisternas ou depósitos móbiles para o abastecemento de auga de consumo público, deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público.
- De dispoñer de auga quente sanitaria ou de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización, deberán cumprirse os requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose.





- Non se menciona o emprego de outros produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións e mantemento das mesmas, a súa xestión ou a súa eliminación:
- Biocidas, no caso da súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.
- Fitosanitarios (herbicidas), no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o emprego dos mesmos, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego destes.
- No referente ao parpadeo de sombras, non se establecen medidas correctoras específicas ante a superación dos limiares recomendados nos receptores 4 e 9 e non describe o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de construción ou operación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

